

MANIFESTO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Esta semana, e con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, no IES Monte da Vila estanse realizando diferentes actividades para concienciar o alumnado e o resto da comunidade educativa sobre a gravidade deste problema social.

O día 25 de novembro foi declarado Día Internacional contra a Violencia cara á Muller no Primeiro Encontro Feminista de Latinoamérica e do Caribe, que tivo lugar en Bogotá, en xullo de 1981. Neste encontro denunciáronse todos os tipos de violencia que se dan contra as mulleres no mundo. No ano 1999, a ONU deulle carácter oficial a esta data, denominándoa *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*. Dende entón, véñse conmemorando este día para chamar a atención e xerar conciencia en torno á idea da violencia contra as mulleres como unha das formas de violencia de especial crueldade máis estendida no mundo.

Ata un 70% da poboación feminina mundial sofre violencia na súa vida. Calcúlase que entre 500.000 e 2 millóns de persoas son vítimas cada ano de trata, o que as leva á prostitución, a facer traballos forzados, á escravitude ou á servidume. Desta cantidade un 80% son nenas ou mulleres. Calcúlase que máis do 130 millóns de mulleres y nenas que viven hoxe en día foron sometidas á mutilación/ablación xenital feminina, maioritariamente en África e nalgúns países de Oriente Medio. E, tamén en Occidente. Algo totalmente denunciabile e intolerable mais alá das costumes e usos das ideoloxías e crenzas de tipo relixioso que, desaloxan a muller dos mais elementais dos dereitos.

Unha sociedade en desigualdade e violenta, non avanzará nunca. Toda persoa debería

opoñerse a toda clase de violencia, o silencio non é válido e tampouco a inacción. O mundo é un pouco mellor cada vez que respectas o dereito das persoas. Está no noso deber como homes e mulleres, denunciar calquera signo de violencia de xénero e apoiar ás mulleres nas súas loitas. Calquera día podes ser ti o que precise axuda.

Sexas muller ou home respecta os dereitos individuais de cadanseu. A pesares de que a publicidade e os medios dificultan transmitir esta mensaxe, a da igualdade, queremoslle lembrar aos homes que a súa axuda é imprescindible, que respecten as opinións, os gustos, os desexos, e o espazo persoal de cada muller. E ás mulleres, pedímoslles, que se respecten a si mesmas, que sexan donas das súas vidas, que sexan independentes, e que non se deixen controlar. Deste xeito avanzaremos cara a igualdade e, o mais importante, cara a erradicación de todo tipo de machismo, a gran ameaza que afecta a muller transculturalmente e, lamentablemente na historia de humanidade...

Mentres unha sola muller sufra maltrato polo simple feito de selo, temos na nosa axenda estes deberes por facer.

O 15 de abril deste mesmo ano , 273 nenas foron secuestradas na escola de secundaria de Chibok por terroristas de Boko Haram en Nigeria. Aproximadamente 230 seguen desaparecidas . Hoxe, 25 de novembro, 200 familias levan 225 días sen ter ás súas fillas na casa. Sen saber, que clase de tratos están recibindo, sen saber se foron violadas ou se seguen con vida, e sen saber cando volverán ao fogar.

Como dixemos anteriormente toda violencia debe ser erradicada. A violencia e das mulleres sobre os homes, e de parellas do mesmo xénero: tamén existe, pero está máis na sombra por ser en menor cantidade e, de novo: por un patrón machista e unidireccional de interpretación da realidade. Moitos homes sofren en silencio por vergoña, ou humillación, e as parellas homosexuais de homes e mulleres denuncian

cada vez máis este feito. Pensamos que, aínda que hoxe sexa o día 25 de novembro dedicado a denuncia de calquera tipo de violencia contra a muller, a nosa postura debe ser inclusiva: a violencia e violencia, sen mais.

Podemos intentar cambiar o mundo xuntos. A opresión só pode existir na escuridade, onde as persoas no teñen medo a falar.

Sexas muller, home, e sexa cal sexa a túa sexualidade, antes que todo iso, eres unha cidadá ou cidadán do mundo. E recorda que as montañas están formadas de graniños de area. Di NON á violencia de xénero e viva a igualdade.

Para rematar, queremos agradecer ao concello o seu interese, apoio e colaboración para promover este tipo de actos.

Nos aquí, tomando a educación como antídoto necesario para loitar contra esta realidade non desexable, debemos solidarizarnos e promover accións que minimicen ata extirpar os efectos de este cancro social. A educación é o motor cara ao desenrolo da igualdade de todos, cara a NO violencia.

Grazas a todos.